



Borrador do regulamento que modifica o Real Decreto 276/2007, que regula o ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades

O borrador incorpora o sistema de concurso - oposición e de concurso

Concurso - oposición

Unha única proba estruturada en dúas partes (A e B), que non terán carácter eliminatorio. O Tribunal soamente fará pública a nota final e global da proba. A nota final e global da proba será de 0 a 10, cada unha das partes deberá ter un peso mínimo do 40% da cualificación final, porcentaxes que fixarán as Administracións educativas e deberán obterse polo menos 5 puntos para acceder á fase de concurso. No caso da parte B valorarase de 0 a 10 puntos e as Administracións educativas determinarán a orde na que se realizarán os exercicios, así como o peso das puntuacións de cada un deles na cualificación desta segunda parte.

A parte A (demostración de coñecementos específicos necesarios da especialidade docente á que se opta).

Consiste no desenvolvemento por escrito dun tema elixido polo aspirante, de entre un número de temas, extraídos ao chou polo tribunal, proporcional ao número total de temas do temario de cada especialidade. Nas especialidades que non teñan un número non superior a 25 temas elixiranse entre tres temas; nas especialidades que teñan un número superior a 25 temas e inferior a 51 elixiranse entre catro temas; e naquelas especialidades que teñan un número superior a 50 temas elixíranse entre cinco temas.

A parte B (comprobación da aptitude pedagóxica do aspirante e o dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente).

Consiste na presentación dunha programación didáctica ou unha unidade didáctica, polo que as candidatas ou candidatos deberán escoller unhas destas opcións. Naquelas especialidades que

inclúan contidos de carácter aplicado, habilidades instrumentais ou técnicas, esta segunda parte incluirá tamén un exercicio de carácter práctico.

Opción 1. Presentación e defensa dunha programación didáctica.

A programación didáctica ten que corresponderse cun curso escolar dun dos niveis ou etapas educativas no que o profesorado desa especialidade teña competencia docente para impartilo (Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria poderá referirse á etapa da ESO, bacharelato ou ciclos formativos de formación profesional) Fará referencia ao currículo dunha área, materia ou módulo relacionados coa especialidade pola que se participa. Na programación deberá especificarse os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxía, así como á atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Opción 2. Preparación, presentación e exposición, e defensa dunha unidade didáctica.

A preparación e exposición oral ante o tribunal dunha unidade didáctica estará relacionada coa especialidade á que opta o aspirante, que será quen elixa o contido da mesma. Na unidade didáctica deberán especificarse os obxectivos de aprendizaxe que se perseguen con ela, os seus contidos, as actividades de ensino – aprendizaxe que se vai a formular na aula e os seus procedementos de avaliación.

Nas especialidades propias da FP específica, a unidade didáctica poderá referirse a unidades de traballo debendo relacionarse cos resultados de aprendizaxe do correspondente módulo profesional e, no seu caso, coas capacidades terminais

asociadas ás das unidades de competencia propias do perfil profesional do que se trate.

Nas especialidades de Orientación Educativa do Corpo de Profesores de Enseñanza Secundaria e na de Servizos á Comunidade, os aspirantes poderán optar por desenvolver un programa de intervención nun centro escolar ou nun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica.

Exercicio de carácter práctico

As administracións educativas determinarán as características e duración deste exercicio.

No caso de especialidades propias das Ensinanzas Artísticas que atenden exclusivamente as ensinanzas artísticas superiores, neste exercicio práctico, deberase acreditar, ademais a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das Ensinanzas Artísticas.

Outros aspectos importantes

A realización, presentación, exposición e, no seu caso, preparación desta proba por parte dos aspirantes axustarase ao período do tempo que se estableza polas Administracións educativas nas súas respectivas convocatorias, podendo utilizar o material que determinen as mesmas. No caso de exercicios escritos, realizaranse nun sesión conxunta

coa presenza da totalidade dos aspirantes de cada Tribunal. As especialidades de idiomas modernos nos Corpos de Mestres, de Profesores de Enseñanza Secundaria, e de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas desenvolverán toda a proba no idioma correspondente.

A fase de concurso valorará a experiencia previa, a formación académica e permanente e outros méritos non poderá alcanzar máis de 10 puntos. As convocatorias establecerán a puntuación correspondente a cada mes/fracción do ano de xeito proporcional á valoración total asignada a cada subapartado.

Puntuación global do concurso - oposición

A puntuación do concurso-oposición resultará da ponderación dun 60% para a fase de oposición e dun 40% para a fase de concurso, cunha puntuación final entre 0 e 10 puntos. Nesta disposición transitoria prevese que este modelo de concurso-oposición, nas mesmas condicións, se aplique tamén aos procedementos selectivos de ingreso que se convoquen e resolvan durante os anos 2022, 2023 e 2024, para as prazas non encadradas na referida estabilización da que se trata no borrador.

INGRESO A CORPOS DOCENTES. CONCURSO - OPOSICIÓN

FASES	PUNTUACIÓN
Oposición	60%
Concurso	40%

A puntuación do concurso - oposición resultará da ponderación dun 60% para a fase de oposición e dun 40% para a fase de concurso, cunha puntuación final entre 0 e 10

A fase de concurso

FASE DE CONCURSO	Máximo 10 puntos
EXPERIENCIA DOCENTE PREVIA	Máximo 7 puntos / Máximo 10 anos
Cada ano en especialidades do corpo ao que se opta, en centros públicos	0,700 puntos
Cada ano en especialidades de distintos corpos ao que se opta, en centros públicos	0,350 puntos
Cada ano en especialidades do mesmo nivel ou etapa educativa que o impartido polo corpo que se opta, noutros centros	0,150 puntos
Cada ano de distinto nivel ou etapa educativa que o impartido polo corpo ao que se opta, noutros centros	0,100 puntos
FORMACIÓN ACADÉMICA E PERMANENTE	Máximo 2 puntos
OUTROS MÉRITOS	Máximo 1 punto
Superación da fase de oposición na mesma especialidade á que se opta, en anteriores procedementos selectivos de ingreso en corpos da función pública docentes celebrados desde 2012	0,500 puntos

A fase de oposición

FASE DE OPOSICIÓN		Nota final de 5 para acceder á fase de concurso. As partes non teñen carácter eliminatorio
PARTE A		Desenvolvemento escrito dun tema
Tema elixido polo aspirante, de entre un número de temas, extraídos ao chou polo tribunal, segundo o número total do temario de cada especialidade		3 temas (temario de 25) 4 temas (temario de 26 a 50) 5 temas (temario de máis de 51)
PARTE B		A escoller entre as opcións 1 e 2
Opción 1		Programación didáctica
Presentación e defensa dunha programación didáctica.		
Ten que corresponderse cun curso escolar dun dos niveis ou etapas educativas no que o profesorado desa especialidade teña competencia docente para impartir.		
Fará referencia ao currículo dunha área, materia ou módulo relacionados coa especialidade pola que participa.		
Deberá especificar: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía e atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.		
Opción 2		Unidade didáctica
Preparación e exposición oral ante o tribunal dunha unidade didáctica que estará relacionada coa especialidade á que opte. O aspirante decide o contido da mesma.		
Deberá especificar: obxectivos, contidos, actividades – aprendizaxe e os procedementos de avaliación.		
Nas especialidades propias da FP específica, poderá referirse a unidades de traballo debendo relacionarse cos resultados de aprendizaxe do correspondente módulo profesional e, no seu caso, coas capacidades terminais asociadas ás das unidades de competencia propias do perfil profesional do que se trate.		
Nas especialidades de Orientación Educativa do Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria e na de Servizos á Comunidade, poderán optar por desenvolver un programa de intervención nun centro escolar ou nun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica.		
A ter en conta		
Nas especialidades con contidos de carácter aplicado, habilidades instrumentais ou técnicas	Terán que facer un exercicio de carácter práctico	
Nas especialidades de idiomas modernos nos Corpos de Mestres, de Profesores de Ensinanza Secundaria e de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas	Desenvolverán toda a proba no idioma correspondente	

Concurso

FASE DE CONCURSO	Máximo 15 puntos
EXPERIENCIA DOCENTE PREVIA	Máximo 7 puntos / Máximo 10 anos
Cada ano na especialidade do corpo ao que se opta, en centros públicos	0,700 puntos
Cada ano noutras especialidades do corpo ao que se opta ou de distintos corpos a este, en centros públicos	0,350 puntos
Cada ano en especialidades do mesmo nivel ou etapa educativa que o impartido polo corpo ao que se opta, noutros centros	0,150 puntos
Cada ano en especialidades de distinto nivel ou etapa educativa que o impartido polo corpo ao que se opta, noutros centros	0,100 puntos
FORMACIÓN ACADÉMICA E PERMANENTE	Máximo 3 puntos
OUTROS MÉRITOS	Máximo 5 puntos
Superación da fase de oposición na mesma especialidade á que se opta, nun procedemento selectivo de ingreso en corpos da función pública docente, até un máximo de dous procedementos, nas convocatorias celebradas desde 2012, incluído	2,50 puntos
Superación da fase de oposición nun procedemento selectivo de ingreso nunha especialidade diferente á que se opta, en corpos da función pública docente, até un máximo de dous procedementos, nas convocatorias celebradas desde 2012, incluído	1 punto

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomino@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal